

XESÚS DE XORXE. O ENTROIDO DE QUEIZÁN E OUTRAS CANTIGAS

Rodríguez Lozano, Xurxo Xosé

xurxoquinte@edu.xunta.gal

Mestre, Director durante 18 anos do CEIP A Nosa Sra. Da Piedade de Vila de Cruces (Pontevedra).
Na actualidade, Profesor de Lingua Castelá e Literatura no CPI Ramón Piñeiro (Láncara).

AGRADECEMENTOS:

A toda a miña familia, en especial á miña compañeira Olga, ás miñas fillas Olga, Olalla e Uxía e aos meus netos Antón e Xela. Á miña nai, Carme e ao meu irmán Pablo (ámbolos dous finados), á miña cuñada Inés e sobriña Zeltia, a todas as miñas curmáns. Tamén, como non, aos veciños de Queizán que conservaron as coplas, a todas as persoas que as difundiron (os informantes, Mero e Mini, Xosé Manuel Castro, Lois Ladra e outros que seguramente esquezo) e á Asociación Arumes do Corgo por animarme a escribir este artigo.

RESUMO:

Jesús Rodríguez Álvarez (Xesús de Xorxe) foi un mestre de Queizán que, malia finar moi novo, tivo moitas e variadas vivencias na súa curta vida.

Este artigo pretende adentrarse, en primeiro lugar, nos feitos máis relevantes da súa biografía, para centrarse despois nas cantigas de entroido da súa autoría, que motivan esta publicación, e algunhas outras que foron agromando pouco a pouco nunha procura que me levou certo tempo porque moitas non apareceron nunha primeira inmersión entre os seus papeis.

Publicamos, pois, os orixinais das cantigas de entroido xa coñecidas, porque formaron parte dalgúns libríños que Lois Ladra popularizou para o proxecto Corgoral, engadindo novas achegas.

Aparecen despois outras coplas e cancións diversas. Unhas teñen que ver co Entroido de Gracián (Castroverde), aldea situada a carón do Chamoso, como Queizán. Outras presentan unha temática diferente (A romaría de San Brais de Uriz, A fonte de Gracián ou O salto da ra).

Que se saiba, non se ten noticia doutras coplas ou cantigas compostas por autores do Corgo

nos anos corenta e cincuenta, así que parece de xustiza que se conserven como patrimonio inmaterial do concello.

PALABRAS CLAVE:

coplas, entroido, cantigas, Queizán, Gracián, Xesús de Xorxe, O Corgo.

1. LIMIAR:

Quixera, en primeiro lugar, explicar que escribo este artigo por moitas e variadas razóns.

A primeira é que eu son un dos fillos de Xesús, polo tanto é unha débeda que teño con el, xa que coido que é merecente de ser lembrado, e porque algúns compañeiros de Arumes (nomeadamente, Mario Outeiro) me animaron a facelo. Así que, despois de andar remexendo papeis, atopei algunha documentación da que tiña noticia pola familia, pero que estaba extraviada e, polo tanto, pensei que podía facer algunha achega nova. Seguramente tamén porque xa non son un rapaz e quixera deixarles aos meus netos algunha nova referencia do seu bisavó, nestes tempos caracterizados pola escasa comunicación entre xeracións e que, por desgraza, substitúen ás persoas por aparellos electrónicos variados, que moitos consideran o paradigma da modernidade.

Eu tiven a sorte de criarme nese mundo no que se contaban historias nas aldeas nas noites frías de inverno. Memoricei mesmo anécdotas e narracións sobre persoas que non cheguei a coñecer e participei sendo neno nos Entroidos de Gracián. Estas vivencias forman parte dos meus valores sociais, da tribo. Permanecen nos miolos, malia as distintas circunstancias que me levaron por lugares moi afastados dela.

Xesús de Xorxe participou activamente nos entroidos da súa época, tanto en Queizán (O Corgo), como despois en Gracián (Castroverde),

para os que compuxo cantigas que foron conservadas polos veciños de Queizán e recollidas en diferentes publicacións.

Xosé Manuel Castro Castedo, veciño de Queizán e profesor de Lingua galega e portuguesa, co gallo da súa tese de licenciatura, tivo ocasión de gravalas directamente de veciños (nomeadamente Pepe de Montero) que, na súa mocidade, foron destacados protagonistas ao cantalas nos entroidos da época. Teño escoitado moitas veces que a muller de Pepe, Braulia, tiña unha privilexiada voz e defendíase moi ben coa pandeireta.

Hai constancia de que, por diferentes fontes, chegaron a Mero e Mini (Fuxan os Ventos e a Quenlla), con pequenas variacións que son habituais na transmisión oral deste patrimonio inmaterial.

Foron tamén utilizadas polo grupo corgués Legua Dereita para se incorporar ao seu repertorio.

E, como non, lembrar que, por iniciativa do BNG do Concello do Corgo para recuperar ese noso patrimonio inmaterial, o Concello contratou ao antropólogo Lois Ladra, que fixo un inmenso traballo recompilador de refráns, adiviñas e cantigas que, ao abeiro do Proxecto Corgoral, permitiron a súa publicación nuns libríños moi interesantes. Pois ben, neses libríños aparecen as cantigas de Xesús de Xorxe coas oportunas reflexións, sempre sabias, do antropólogo.

É unha mágoa que non se conte xa con Lois para completar a revitalización cultural do concello, despois do traballo que veu desempeñando nos últimos anos. Tristemente, ás veces os galegos non valoramos o que nos é propio.

Pretendo, por tanto, contribuír a que algunhas cantigas inéditas queden a disposición das novas xeracións nesta revista Corga que tanto fixo pola cultura e patrimonio do Corgo.

Cóñecer de onde vimos, aos protagonistas da nosa historia local, esa nosa cultura tradicional que tanto temos que reivindicar día tras día, é unha parte fundamental para gañarmos o futuro.

Recuperar, pois, unha boa parte desa historia rural que nos arrebataron nalgúns tristes épocas, supón reconciliarnos dalgún xeito cos nosos antergos.

2. UNHA BREVE BIOGRAFÍA DO AUTOR DAS CANTIGAS.



JESÚS RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Considero obrigado facer unas pequenas reseñas biográficas da familia para centrar a figura de Xesús no seu tempo, porque poden aportar algún dato que, espero, posiblemente puideran ser interesantes para entender os tempos da posguerra que lles tocou vivir e o contexto no que se insiren as cantigas.

O día 15 de agosto de 1918 nace en Queizán (O Corgo) Xesús Rodríguez Álvarez, fillo de Domingo Rodríguez Castro e Asunción Álvarez Losada, irmán de José, Leonides e Irene, na casa coñecida como “Casa de Xorxe”, unha casa labrega como todas as da parroquia, con tradición de ferreiros, tamén como case todas as da parroquia.

Non é, por tanto, ningunha novidade que o apelido Ferreiro sexa corrente en Queizán e noutras parroquias do Corgo. Este vello oficio xa aparece

moi documentado noutro traballo da revista CORGA, de Roberto Rodríguez Páramo e outros sobre o mazo de Santa Comba e os ferreiros do concello.

Asunción, a nai de Xesús, era muller culta para os tempos que corrían. Viñera casar dende a Fiolleda, da bisbarra de Monforte, parece que descendente de familia fidalga, e vivira cun tío crego. Co tempo, cheguei á conclusión de que manexaba con facilidade a retranca, habilidade moi necesaria naquela época. Do pai, Domingo, labrego de Queizán, non podo dicir moito, porque teño poucos datos del.

Así que a vida da familia da casa de Xorxe transcorreu durante anos dedicada ás tarefas propias do agro. Teño que dicir que Xesús foi tamén un home mañoso (no campo hai que saber de todo). El fixo o berce onde nos criamos as miñas curmáns Otita e Rosina, e despois eu mesmo e o meu irmán Pablo. Como mostra desa habilidade, adxunto unha foto dun álbum para fotos tallado por el cunha navalliña e que, por sorte, aínda conservo.



E, tanto José como Xesús, fixéronse mestres. Aí comezou un oficio familiar, o do ensino, ao que nos dedicamos unha boa parte dos sucesores desa primeira xeración.

Ámbolos dous traballaron como interinos na posguerra. Xesús moveuse por distintas zonas da provincia de Lugo (segundo me consta, Palas de Rei, Celeiro de Mariñaos, Becerreá, Franqueán...).

Neste último destino, Franqueán, no concello do Corgo, tamén fixo algunhas coplas que eu non conservo, mais teño constancia delas por escoitalas a veciños de alí. Domingo de Tendeiro, veciño de Franqueán, que foi concelleiro polo PSOE no concello do Corgo, e tamén amigo da mocidade, aínda lembra algunhas delas. Eran coplas que, segundo teño entendido, podíanse clasificar como retranqueiras, intervindo nas cuestión relevantes da parroquia.

Nun contexto, pois, labrego, nunha época demográfica moi diferente da actual, coas casas cheas de mozos e mozas, aparecen as coplas de Antroido de Queizán, aló polo ano 1947. Tamén aparecen algunhas copliñas que é posible que se cantaran nas romarías da contorna, ás que adoitaban ir con merendas veciños de diferentes parroquias, aínda que non se pode confirmar definitivamente a autoría das mesmas.

A guerra civil truncou, prematuramente, os soños dos dous mestres que tiveron que agardar anos ata que se convocaran oposicións. Mentres, traballo no campo para sobrevivir e interinidades no ensino para non descolgarse da profesión que elixiron.

Chegou a Guerra Civil. Mobilizacións e máis problemas para todos. Mais rematou un día.

Xesús coñecera en Gracián, a aldea de Castroverde que, cruzando o río Chamoso, compartido con Queizán dende hai séculos (non fronteira, si cordón umbilical entre ambas aldeas), a Carmen (a miña nai).

Teño que dicir que Carmen era nativa de Madrid. Alí viviu na Rúa Villanueva, a carón do Museo do Prado cos seus pais (José Lozano Ortega, natural de Matas de Pozancos, preto de Sigüenza, en Guadalajara e garda, que casou con Manuela Docando Conde en terceiras nupcias, e que viña sendo a rapaza galega que ía servir a Madrid). Foi un dos superviventes da guerra de Cuba e eu aínda lembro historias que de neno me contaba sobre aquela guerra cando estaba cego e eu era, a miúdo, o seu “lazarillo”.

Por certo, a pedanía do meu avó é hoxe un dos moitos lugares abandonados, ruínas dun pasado

máis glorioso de tantas aldeas e vilas do Estado español.

A Guerra Civil determinou o futuro da familia, que decidiu volver á humilde casa familiar de Manuela, porque na capital non había moito que comer.

O novo matrimonio instalouse, pois, en Gracián. A economía familiar pasaba por tres vacas, algún porcos, un fermoso galiñeiro, coellos e plantacións básicas de centeo, millo, etc.

Despois da guerra tardaron tempo en convocar oposicións para Mestres (o Réxime foi tirando dalgúns oficiais e suboficiais que amosaran os seus méritos “pedagóxicos” no exército golpista).

Así as cousas, Xesús montou unha escola particular, para ir sobrevivindo e completar a exigua economía familiar, nun local da chamada casa de Zapateiro de Gracián. Parece ser que a falta de escolas na época e as boas artes do mestre conseguíronlle alumnos que viñan a pé desde lugares ben afastados.

Instalado xa, pois, en Gracián, empezou a montar o entroido da aldea. Tiña a experiencia do que, anteriormente, se tiña feito en Queizán.

No muíño de Besteiro adoitaba ensaiar para o entroido rascando un violín que seica lle prestara un cego dos que viñan daquela polas feiras de Castroverde.

Caracterizado de vella cega facía as pertinentes críticas da aldea e dos seus habitantes. Porque nos seus papeis non so aparecen cantigas, tamén monólogos e diálogos reflexionando sobre as mulleres, os homes, os vellos e as vellas, as inimizadas entre veciños, o matrimonio, a vestimenta moderna, todo con hipérboles acaídas.

Despois de aprobar a oposición, o seu primeiro destino foi Luelmo de Sayago (Zamora). Alí vai coincidir cun médico tamén lucense, Santos Vega, fillo de Rafael Vega Barrera, fusilado polos fascistas, e moi coñecido en Lugo.


Posteriormente, foi destinado a Urueña (Valladolid), na Terra de Campos. Cónstame que foi tomar posesión do seu novo destino a bordo da moto BULTACO de Manolo de Besteiro de Gracián, que se prestou a levalo a Valladolid, por

aquela nacional VI que non era precisamente unha autovía.


E xa en Urueña, outro mundo. Ovellas e cereais. Alcalde que viña das familias nobiliarias sobranceiras, non moi interesado pola cultura do pobo. As vivendas dos mestres non se podían utilizar por falta de traída de auga e outros problemas. Así que había que vivir de aluguer nunha casa que, curiosamente, tamén era do alcalde.

Ao final, un mecenas con raíces en Urueña e contratista en Valladolid, como tantos indianos que na Galiza fundaron escolas, correu coas obras das vivendas e dignificouse a vida dos mestres.

Foron anos nos que Xesús tivo unha total dedicación á escola. Creou un xardín escolar, seguramente movido polo escaso arborado existente e pola morriña dos sotos e carballeiras do Corgo. Todo foi feito co traballo do mestre e dos alumnos. Constaba dun enorme mapa de España en relevo no que con botellas de vidro invertidas e cunha parte enterrada, así como pintadas de diferentes cores (segundo as daquela “rexións”), tamén con vías de comunicación en cordel de plástico de cores, impartía clases de xeografía ao alumnado. Completábase o xardín con parterres de diferentes figuras xeométricas (rombos, cadrados, triángulos, trapecios, círculos...) que tamén servían para impartir clases prácticas de matemáticas, xeometría, etc. Cada grupo de alumnos debía coidar a súa parcela. Este proxecto mereceu un premio dun concurso chamado **“Mantenga limpia España”**, o que resultaba moi honroso para unha escoliña de vila pequena.



Traballou moito nas manualidades. Chegou a facer un belén moi completo con casiñas en cortiza e iluminación, que tamén foi premio da Asociación Belenista Castellana.



Logrou que lle permitiran utilizar terreos ermos da igrexa para proceder á plantación de árbores cos alumnos.

Facía festas de fin de curso nas que se cantaban diferentes cantigas de todas as comunidades. Lémbrome daquela que comeza “Onte á noite funche ás peras que tes no fondal da horta, deume un trancazo teu pai, dicindo volve por outra...”

Conseguíu que moitos rapaces puideran, naquela época dura, saír da vila a estudar formación profesional ou bacharelato. Hoxe parece doado, mais non o era neses anos.

Na vila non había médico, así que como persoa implicada na comunidade, con permiso do galeno que so viña algún días, actuaba de practicante para quen o precisaba, de maneira altruísta.

Ao final, cando gozaba dunhas vacacións en Gracián, un infarto deixouno tocado, e unha segunda crise levouno definitivamente, deixando á familia na maior das soidades que non se podían pensar.

Queda aí a súa obra, a súa loita polo ensino nos lugares onde as circunstancias o levaron, o seu interese porque os fillos dos humildes puideran ter estudos medios e superiores, a súa entrega en todo o que facía, o espírito colectivo e, por suposto, o seu humor, unha parte moi importante da súa identidade e que está presente nas cantigas.

3. AS CANTIGAS.

3.1. Vai en primeiro lugar a antroidada de Queizán, que é unha das máis antigas. Data do ano 1947 e cantábase a ritmo de pasodobre.

Como ben apunta Lois Ladra no proxecto Corgoral, trátase de cantigas que se cantaban polas casas para divertirse, meterse cos veciños e ser agasallados por eles con comida ou bebida propia da época do entroido.

ANTROIDADA- 1947 – QUEIZÁN (Pasodobre)

Aquí vos vai o antroido,
aquí vos vai o antroido,
o antroido deste ano,
e se queredes que toque,
e se queredes que toque,
que nos de permiso o amo.

Estribillo.

Afina a gaita, trai a pandeira,
e tocaremos e bailaremos a muiñeira.

Aquí estamos estes mozos,
aquí estamos estes mozos,
disfrazados con bigotes;
hemos de tocar a jota,
hemos de tocar a jota
e hannos de ensinar os potes.

Estribillo.

Un pedazo de cachola,
un pedazo de cachola,
que nos ha de dar a ama,
pra non ser unha famenta
pra non ser unha famenta
con esta carnavalada.

Estribillo.

La da casiña de enfrente,
 ia da casiña de enfrente,
 esa sí que foi honrada,
 que nos deu uns bos chourizos,
 que nos deu uns bos chourizos,
 pra facer unha empanada.

Estribillo.

Mira pro patrón da casa,
 mira pro patrón da casa
 como corre xa co viño;
 queira Dios que chegue a vello,
 queira Dios que chegue a vello,
 pero a vello moi velliño.

Estribillo.

Las rapaciñas da casa,
 ias rapaciñas da casa
 seica teñen moito pico;
 todo gastan en pinturas,
 todo gastan en pinturas,
 non nos dan un perro chico.

Estribillo.

Para divertir á xente,
 para divertir á xente,
 por iso nós o facemos;
 se a casa se porta ben,
 se a casa se porta ben,
 proutro ano volveremos.

Estribillo.

3.2. Veñen agora unas coplas que se cantaron por primeira vez en Queizán, datadas a 10 de febreiro de 1948, celebrando, segundo consta, a festividade do Carnaval “La Armonía”. Así se denominaba o grupo de mozas e mozos que participaban nas entroidadas.

O Antroido xa vai vello,
 xa está cheo de aguantar,
 agora de acabadiño
 deulle o rauto de casar
 cunha moza moi fermosa
 que o ha de consolar.

Hoxe casou o Antroido,
 O Antroido de Queizán,
 cunha nena do seu tempo,
 coa Pascua de San Xulián,
 que lle gustan moito os ovos
 e ben sabe onde os hai.

Seica lle deron de dote
 unha cestiña prós ovos
 feita de pelo encrespado
 que volve aos homes tolos,
 aos solteiros e aos casados,
 aos velliños e máis novos.

O padriño foi Don Dente,
 a madriña A Cachola,
 de compañía, os chourizos
 mezcladiños con filloas
 untadas cun pouco mel
 que che estaban moito boas.

Casáronse na cociña,
 seica o crego foi o lume;
 de testigos, os tres pés,
 o morillo e máis o fume;
 amarradiños quedaron
 e agora quen os desune.

Non nos deron os cigarros
 pra quentarnos o fuciño,
 que nos deron dun pelexo
 unhos bos tragos de viño
 que trouxeron do Ribeiro
 pra quentar aquel velliño.

Vide mozas á ruada
que vos han de convidar
o Antroido e máis a Pascua
que acaban de chegar,
que nos vexan todos xuntos
alí cantar e bailar.

Ruxe, ruxe, pandeiriña,
que saiban que non calaches,
que aínda che dura o folgo,
que non che entrou a friaxe,
que tes viño do Ribeiro
que che dá boa fogaxe.

Cata praquí esa bota
que quero botar un trago,
que casamos o Antroido,
paga a pena de botalo.
E aquí, todos xuntiños
que bebamos proutro ano.

**Engádesse este apartado que apareceu
rebuscando na documentación de Jesús e que
completa a anterior cantiga.**

(Todos)

Vivan!
Todos xuntiños
aquí cantemos.
Vivan os novios
que aquí os temos!

Viva o Antroido!
Viva a Pasquíña!
Que se casaron
tras da cociña.

Ela é pobre
e el non ten nada.
Vivan os novios!
Viva a ruada!

Viva o padriño,
o desta boda!
Viva Don Dente
e Dona Cachola!

Viva o pelexo
que trouxo o viño!
Toma, consogro,
bota un traguíño.

Viva o Antroido
que é moi formal,
que se casou
sen capital.

Viva Pasquíña.
que non ten nada;
é moi bonita,
foi moi honrada.

Cantar e bailar
Todon redor.
Vivan os novios!
Viva o humor!

(Os novios sos cantando)

Vivamos todos
por moitos sigros,
e vivan tamén
os nosos fillos.

Que viva o cura
que nos casou,
que foi Don Dente
quen nos quentou.

3.3. A FONTE DE GRACIÁN.

**Gracián ten unha fermosa fonte no medio
da aldea, unha fonte con dous canos e que
sempre deu unha auga ben fresquiña. Cando
eu era neno, os excedentes da auga que vertía
saían por un rego que cruzaba a praza. Era
unha sensación ben gratificante: o son da**

auga, as espadanas, as rás, os cágados, as noites tépedas do verán escoitando aos grilos, mesmo ás veces algún porco ceibo ...

Xesús personifica esa fonte, porque é o centro da aldea, o lugar de reunión dos veciños que van buscar auga e, ao mesmo tempo, parolar. Xesús personaliza esta fonte, como testemuña do que pasa no lugar, e iso sérvelle para facer as oportunas críticas.

Non sei se foi esta noite
ou foi a outra pasada,
escoitei soñar á fonte
e desta maneira falaba.

Levo ben anos aquí
e sempre estiven mollada,
aguantando sol, reñas,
as neves e as xeadas.

Xa de mañanciña
o sol fíreme de fronte.
Canto teño escoitado!
Miña naiciña, que xente!

Dende que viñen ao mundo
levo a mesma levita;
aínda que me vexa enferma
non me matan unha pita.

Sempre estiven verquendo
desta auga fresquiña.
Que pouco aprezo me teñen!
Miña nai, miña naiciña!

A aquel que estaba suxo,
deille auga pra se lavar.
Cantas manchas eu quitei!
E cantas hei de quitar!

Non sei que lle fixen á aldea
pra que me queira afogar;
será para que non fale,
mais eu quería falar.

Eu non sei se estou soñando
ou se o que digo é verdá.
Seivos contiños das vellas,
cousiñas da mocedá.

Dos homiños desta aldea
tamén teño que falar,
pero pouco hei de dicir,
non os quero avergoñar.

Chega aquí a tía Antonia,
coa sella, moi apurada;
ten que marchar axiña,
ten a casa abandonada.

Logo que a viu a veciña,
que lle gusta a parolada,
sae correndo co balde
pintándose a asustada.

-Buenos días, Antonia.
-Buenos días, Culasa.
-Ai, muller, e ti non sabes
que pasou onte na casa?

-E, que pasou, muller?
dime que foi, Culasiña.
-Que a pelexa de enfrente
matoume onte unha galiña.

-Anda, non fagas caso,
non queiras ser coma ela,
tamén lle pegou ao home
porque me deu unha pera.

Vén arreglar o pote
a Sra. Virtudes da Cova.
-Deixade esas cousas, comadres,
pois xa vos hai outra nova.

Vaise casar a Pirrixa,
a filla da Xacinta;
xa vos tivo vinte mozos,
non sei de cal vai encinta.

Aí foronche moitos,
di a Culasa moi axiña;
seica era un parachoques
e ela ben pouco valía.

Tamén vos reñeu Visita
onte á noite coa nora,
porque amañou o caldo
sen lle botar a cebola.

3.4. O SALTO DA RA (Muiñeira de Gracián)

É unha cantiga de afirmación do lugar onde se vive. Na literatura popular galega hai miles de exemplos de cantigas louvando as aldeas, aos homes e mulleres que viven nelas e as súas virtudes, frecuentemente comparadas con outras aldeas veciñas que, por suposto, adoitan ter todos os defectos.

Á sombra boa do Pelaíño
vive este pueblo todo xuntiño.
A súa festa sempre lle fan
ao patronciño dos de Gracián,
pra bailar todos na carballeira,
ruxe que ruxe a nosa pandeira.

Estribillo:

**Todos nos chaman os da laguna,
pois non lles temos envidia ningunha.
Todas as mozas, ata a Coruña,
canto darían por vir prá laguna.
Se queres mozas de bo sabor
nesta laguna está o mellor.**

Todos pedimos, santiño, que atendas
libres de pestes as nosas facendas.
Facémosche a festa todos os anos,
bendice, Pelaio, os nosos sembrados.
Outro santiño non hai como tú;
a todos, Pelaio, danos salú.

Estribillo.

Casiñas todas moi ben formadas,
coas súas raíñas, mulleres casadas;
cos pratos cheos nas nosas mesas,
as mozas mociñas parecen princesas.
Os rapaciños non vos son moitos,
pero prás mozas sonche moi cucos.

Estribillo.

Xente santiña haina no pueblo,
todos, todiños, iremos ao ceo.
Ben aquel vello ou a velliña,
e aquela moza que está completiña.
E os celibatos, por non casar,
merecen o ceo por tanto rabiar.

Estribillo.

Todos os homes teñen porfía
por ver quen máis xunte máis vida;
este na feira, aquel muiñeiro,
este co arado e aquel de canteiro.
Todos traballan no seu oficio,
todos con cartos, todos sen vicio.

Estribillo.

Aquí diñeiro haino a rodar,
todo se gaña a traballar.
Hai boas medas e bos palleiros,
xente decete, non mentireiros.
Saiban os outros que aquí na laguna
viven as ras e non a garduña.

Estribillo.

Uns aos outros ben nos queremos,
pasan as rabias, ben nos lambemos.
Os da xustiza están perdidíños,
pois non lles damos os nosos cartiños;
están esperando polo xamonciño,
comémolo nós e os cartos pró viño.

Estribillo.

Boas mociñas, moi falangueiras,
todas limpiñas, moi churrusqueiras.
Os nosos mociños, todos morenos,
por eles as nenas chupan os dedos.
Vellos e nenos e a mocedá,
todos sabemos saltar coma rá.

Estribillo

No medio do pueblo, a nosa fontaña,
ai que resol de auga fresquiña!
Alí vai a moza, alí vai a vella
todas honradas coa súa sella.
Alí vai o mozo a parrandear
por un biquiño se o pode pillar.

Estribillo

A mesma Lúa se queda pasmada
ao ver na laguna a súa cara,
porque Gracián é un espello,
é un exemplo, exemplo de pueblo.
Toda a xentiña é moi honrada
porque marchou a mala fada.

Estribillo.

Aquí remata a muiñeira,
o pueblo do lado que diga o que queira.
Todo é limpeza ata a cociña.
aquí hai ras, non lodo de anguña.
Todos xuntiños, trailará,
somos felices vivindo coa rá.

3.5. Para a romaría de San Brais (Uriz-Castroverde)

As romarías, as promesas aos santos, son parte da cultura desta terra. No Corgo temos varias (As Virtudes, Anseán...). Mais, na Galiza desa época, o movemento das xentes das aldeas estaba circunscrito a feiras, festas, etc. que transcendían os límites de cada concello.

Non podo confirmar que Xesús fose o autor destas coplas, mais o que di o manuscrito que conservo e o estilo faime pensar que si. En todo caso, forma parte do noso patrimonio inmaterial.

O que di é isto:

Uriz é unha aldea do concello de Castroverde. O seu patrón é San Blas. Na honra deste santo celébrase alí a festa o día 3 de febreiro, acudindo romeiros das aldeas veciñas. Estes romeiros adoitaban ir cumprindo promesas feitas ao santo para que lles curase os males da gorxa e catarros varios.

Polo xeral, levan ofrendas (uñas, lacóns, cachuchas, linguas de porco, etc.)

Este cantar, en forma de pregaria, cántano moitos romeiros, pero en Queizán é onde mellor se coñece.

Hoxe é o día tres,
está contento San Blas
avogado das gorxas,
tamén lle imos cantar.

Se tiveches catarros
da gorxa ou do nariz,
ofréctete a San Blas,
ao San Blasiño de Uriz.

Anda axiña, saca esa alforxa,
traí chourizos, viño e lacón,
que me seca a miña gorxiña,
San Blasiño, ten compaixón.

Vimosche de moi lonxe,
pisamos moito camiño,
por verte a ti, San Blas
e darche o corazonciño.

Aquí nos tes, San Blas,
a caronciño do altar,
estamos todos moi ledos
podéndote visitar.

Anda, moza, cura ese papo,
para ese paxelo poder lucir;
ven comigo ver ao San Blas
e mil anos has de vivir.

Aínda que hoxe chova ben
ninguén se debe apurar;
coa axuda do San Blas
ninguén se ha de afogar.

Viremos a Uriz
mentras teñamos folguiño,
por verte a ti, San Blas,
e darche un grolo de viño.

3.6. MONÓLOGOS DO ANTROIDO.

Recollo, a título de exemplo, algún monólogos da vella cega, que rematan cunha copliña da que descoñezo a música. Nalgúns intres da representación alguén replicáballe intentando minimizar os problemas, establecéndose un pequeno diálogo que servía para que a protagonista volviera insistir con máis forza nos seus argumentos.

Boas noites a todos:

-Mandoume o meu compadre, O Antroido, este papel para que o lese a todos sen receo, pois ao parecer non se trata máis que de catro ducias de cousas que suceden na vida dos labradores, das mozas, dos mozos e algo tamén das vellas, para que aínda que non lles pique teñan algo que rascar.

-Eu, o que pasa cos homes casados e vellos ben o sei, porque ao meu home xa foron varias as malleiras que lle peguei por non andar como é debido, e a culpa aínda non era toda del senón dalgúns veciños que o aconsellaban para que a casa que aínda non é nosa fora para baixo. O outro día mesmo, zorregueille unas labazadas cun escobo de xesta porque prestara a macheta e moitas máis levaría se non chega o señor Marcelo da Furoca que é o que governa a nosa casa porque a del xa non a dá gobernado.

-O outro día chegou dicindo o meu Antón que debíamos vender o único porco da ceba que tiñamos, porque o Xacinto do Caseto casaba unha filla e non a quería o rapaz se non lle daba 6.000 reás de capital, e claro, como o Xacinto non tiña os cartos díxolle ao meu Antón que venderá o porco e que con eses cartos xa podía casar a súa filla. Eu tiña unha pota na man e non pensei máis nada. E zas! Deille con ela nunha chinceira e rompín a pota, pero a el quedoulle un pote novo sobre dun ollo que valía para facer o caldo para 16 de familia. E... chameille burro, pasmón e non sei cantas cousas máis. E díxenlle despois: non é mellor que pase fame de casamento a filla do Xacinto ca que morramos nós coa fame?

-Pois aínda non conto todo o que sei dos homes, mais a *títalo* de exemplo vou contar un caso: O outro ano os porcos da casa do Agro fozáronlle un pouco nas patacas que tiña sementadas a casa do Ánxel de Arriba. Nin un nin o outro sabían nada de tal fozamento e as dúas casas eran moi amigas dende había xa moito tempo. Empezaron os chismes dun lado e do outro, empezaron os homes coreos a traballar sen que lles deran outra cousa máis que un vaso de viño e remataron de compoñer o asunto sete ducias e media de mulleres na fonte e no lavadoiro, e remataron entre unas e outras en que as mulleres da casa de Arriba e as do Agro rifaron chamándose mil alcumes, que non eran senón verdades, esguedelláronse, todo polo fozamento dos porcos que non fora nada e todo, pero que meddas mulleres goberneiras das moito nas linguas de trapo rara casas alleas. E os homes reñeron tamén, dixeron catro barbaridades para acobardar uns aos outros, pegáronse malamente e foron a xuízo, que rematou en falta de cartos e de tranquilidade pras dúas casas.

Eu penso que a eses homes correos mellor lles sería calar, porque eles non han ser os máis limpos, e, ao non apagar o lume, tan siquera que non o encendan. Tamén puidera ser que eses homes tiveran envidia dos porcos e quixesen ser eles os que fozaban. E as mulleres tiñan bastante con fregar as potas que, seguramente, non as lavaron desque as mercaron. E así moitas máis cousas...Hasta lavarse elas mesmas que

Ile farían moito ben aos prados do Trigoal porque hainas que teñen bastante que lavar e son as que máis falan porque pensan que están moi limpiñas e vaia por Deus!

-Aínda che sei máis, meu Antón, pero agora deixarei aos casados que fagan exame da conciencia que non teñen, e falarei algo das mozas, que eu deses casos sei moito porque estou moi experimentada desde que era moi nova e andaba coas ovellas, porque xa daquela o Xanciño da Carmela empezou a ensinarme o mundo todo un día a carón dunha pena que mesmamente aínda a estou vendo agora, e lembrándome, empézame a aformigar todo o corpo dende os callos dos pes ata o curuto da cabeza. Ai canto me ensinou! Deus o teña no ceo que xa morreu!

Eu son filla de bos pais, en boa hora o diga! Eu nunca contei unha mentira porque Deus descansa a miña avoa pediume unha Praga dicíndome que por cada mentira que contase se me puxese un pelo en branco, na cabeza, claro! E xa vedes... Cando casou a miña nai eu tiña sete anos e ela casou con Perico da Cachoza que tiña catro fillos da Colasa de Fontal e dúas nenas da Marica do Xurto. E, o que era o meu pai, estaba casado coa Pirrixa que viña sendo irmá da prima da cuñada do irmán do tío do sobriño da nora da Pepa do Cortello. Eu cando sabía que unha cousa era unha mentira levábaa lonxe.

-Hoxe as rapazas non son guapas como as do meu tempo. Antes eramos gordas e coloradas, vestiamos sete saias e unha boa camisa de estopa. Agora levan unha roupa que parecen as fundas dos cabezais da cama.

Agora non gastan pantalóns ata o xeonllo coma antes. Así, claro, so tran uns taparrabos que non lles tornan o frío nin, se se deitan por aí nun prado, unha toupa ou un toupo.

...

Pois si, é certo, é certo, é certo,
é certo todo o que dixen,

é, ié, ié, ié, é verdade

é si, é si, é si,

e senón vídevos aquí

e mirai pra aí.

4. CONCLUSIÓNS.

As conclusións son moi simples. É importante conservar o noso patrimonio inmaterial ao mesmo tempo que damos a coñecer ás persoas deste concello que, nun intre determinado, apostaron por manter vivas tradicións seculares do noso pobo.

A literatura popular galega está recompilada en cancioneros, traballos monográficos promovidos por entidades diversas, gravacións en cintas magnetofónicas, películas ou vídeos. Vive no noso rico e variado folklore.

Mais aínda quedan polo país, con toda seguridade, moitas xoias inéditas e a obriga de cada xeración está en seguir investigando, recollendo e conservando toda esa riqueza. Vainos a identidade niso.



5. BIBLIOGRAFÍA.

PUBLICACIÓNS

Revista CORGORAL (Coplas de Entroido)
LADRA, Lois.



ARQUIVOS

Documentación orixinal persoal do autor

RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, Jesús.

Audio de parte das coplas.

Recollido por CASTRO CASTEDO, Xosé Manuel



Vivau!!
 Todos cantamos
 aquí cantamos
 Vivau os novos!
 qu'agui os temos.
 Viva o Antroido!
 Viva Pascuina!
 Que se casaron
 tres da coitina.
 Ela e hobre
 y el non ten nada
 Vivau os novos!
 Viva a ruada!
 Viva o padriño!
 o desta boda
 Viva Don Dente!
 o Doña Cachola!
 Viva o pelexo
 que trouxo o viño
 Toma consogro
 bota un traquiño.
 Estas coplas se cantaron por vez primeira en
 Quizán, celebrando la festividade del
 Carnaval "La Armonia"

Viva o Antroido
 Que é muy formal
 Que se casou
 sin capital
 Viva Pascuina
 Que non ten nada
 e muy bonita
 foi muy norrada.
 Cantar e bailar
 Eodon redor
 Vivau os novos!
 Viva o humor!
 Vivamos todos
 Por minutos negros
 e vivan tamén
 os novos fillos
 Que viva o cura
 que nos casou
 que foi o lume
 quen nos quenton

Todos
 os novos
 padriño
 cachola

- Antroidada - 1947 - Quizán
 (modific)

Aqui vos vai o antroido
 aqui vos vai o antroido
 o antroido d'este ano
 e si queredes que toque
 e si queredes que toque
 que vos de humeiro cauco.
 - Estribillo -
 Afina a gaita, hai a paudreira,
 e tocáremos e bailáremos a muineira.
 Aquí estamos estes mozos
 aquí estamos estes mozos
 distraídos con bigotes
 hemos de tocar a jota
 hemos de tocar a jota
 y haremos d'enseñarse os pates.
 - Estribillo -
 Meu pedazo da cachola
 Meu pedazo da cachola
 que vos ha de dar a auga
 pre non ser unha fameita
 pre non ser unha fameita
 con esta carnavallada.
 - Estribillo -
 Ya da casina d'enfronte
 ya da casina d'enfronte
 esa si que foi norrada
 que nos deu unhos chouricos
 que nos deu unhos chouricos
 pre facer unha empanada.

Copla. 1ª
 O antroido, xa virado
 La eta cheu d'aguantar
 Agora d'acabado
 dante o vante de casar
 cunha moza muy bonita
 que o ha de consolar.
 Ose casa, o antroido
 o antroido de Quizán
 cunha nova de xeo tempo
 C'a Pasua de San Felician
 Que lle quitan moito o hore
 a seu sabe donde se hege
 Li que lle don de dote
 Moza cunha tres hore
 festa de bello enrochado
 que volve os homes talos
 os solteiros y os conados
 os velliros e mais novos.
 O padriño, foi Don Dente
 A medrina, a Cachola
 de comaria os chorros
 megladinos, con follos
 unidas con pouco mas
 que chistaban muito boaf.

Barrouse na coitina
 Li que o cura foi o lume
 de testigos os tres pes
 o mozoillo e mais o fume
 a marradinos, quedaron
 y ahora quen os doune.
 No nos diron os cigarras
 fira quitanos o fucio
 que nos diron d'un felix
 unhos boz trocos de viño
 que trouxeron de Ribeira
 pra quitar aquel cellino.
 Fide mozas a ruada
 que os van de consolar
 O antroido e mais a Pasua
 que acabau de chegar
 que no vexau todos acentos
 ali cantos e bailar
 Fize, fize bandeirina
 que sepan que non calacheis
 cinda ois dura oplos
 que non tenton a triaxe
 que os vino de Ribeira
 que che dá bon pagaxe.
 Bota pra que oia bota
 que quero bota un troco
 que caramos o antroido
 vale a pena de botalo
 y aqui todos muy contentos
 que bebamos trauito aus.
 Quizán - 10-11-1948:

- Estribillo -
 Mira pro patrón da casa
 mira pro patrón da casa
 como corre xa co viño
 quiza Dios que chegue a vello
 quiza Dios que chegue a vello
 pero a vello muy velliro.
 - Estribillo -
 Y as rapaciñas da casa
 Y as rapaciñas da casa
 seique teñen moito fuce
 tod'o gastau en hintonas
 tod'o gastau en hintonas
 non nos dan un puchico.
 - Estribillo -
 Para divertir a xente
 para divertir a xente
 por eso nos o facemos
 si a casa se porta ben
 si a casa se porta ben
 proutro ano volveremos.
 - Estribillo -
 Fin